

Á “DIRECCIÓN GENERAL DE SOSTENIBILIDAD DE LA COSTA Y DEL MAR.
MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO”- MADRID.

ANTÓN MASA VÁZQUEZ, co DI nº 33197669K e enderezo a efectos de notificación no Apartado de Correos 414 (36080-Pontevedra), como Presidente da Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR) e no nome da antedita asociación ecoloxista,

EXPÓN:

Que, tendo coñecemento da posta a Exposición Pública por esa Dirección Xeral, do Proxecto 36-0403 “UNIÓN DEL ITINERARIO PEATONAL ENTRE MARÍN Y PONTEVEDRA. TRAMO: PONTEVEDRA-PLACERES. T.M. PONTEVEDRA”, quere formular, en tempo e forma, as seguintes

ALEGACIÓNS

1ª.- DE CARÁCTER XERAL E PREVIO. Na Asociación que represento, non renunciámos ao noso obxectivo de recuperar a zona que hoxe ocupan diversas infraestruturas viarias como a PO-11 e a PO-12 (afectadas por este proxecto) e o complexo CELULOSAS-ELNOSA, unha zona que foi roubada ao mar e baixo a que se atopan as praias urbanas de Pontevedra e parte do mellor dos bancos marisqueiros da nosa Ría, para devolverlle o que é a súa vocación natural. Nese sentido, consideramos que o proxecto exposto ao público entraría en contradición co noso obxectivo xeral, pois -en boa medida- axudaría a normalizar a presenza das citadas infraestruturas e do propio recinto fabril. Evidentemente, desde a perspectiva da recuperación integral da zona e a devolución ao seu estado anterior recuperando as praias e bancos marisqueiros para o lecer e a explotación racional das actividades marisqueiras, turísticas e deportivas, non ten sentido seguir facendo intervencións urbanísticas que estarían chamadas a seren eliminadas no futuro.

2ª.- Sen esquecer o exposto no apartado anterior, imos incidir sobre algúns aspectos concretos do proxecto agora exposto ao público. Propón o citado proxecto a execución dun itinerario ciclo-peonil que conectaría Pontevedra coa zona de Os Praceres pola liña da ribeira do mar. Consta de dous tramos, un que consistiría na construción dunha pasarela peonil que daría continuidade ao paseo existente hoxe desde Pontevedra, e outro que consistiría na construción dun carril-bici e unha senda peonil sobre o carril dereito da calzada da PO-12 dirección Marín. Trátase de dous tramos ben diferenciados, polo que abordaremos tamén separadamente as alegacións a cada un destes dous tramos.

3ª.- PASARELA PEONIL. Preténdese construír unha pasarela duns 800 m de lonxitude e 2,5 m de ancho. Trátase dunha pasarela metálica, con varandas metálicas, de aluminio, e pavimentada con material sintético de fibra orgánica e policloruro de vinilo, un material que -de acordo ao recollido no proxecto- tense elixido pola súa elevada durabilidade e por ser antideslizante. Engádese no proxecto que “presenta aparencia de madeira”. Ao noso entender, no que fai a estes materiais, a elección non é moi axeitada se temos en conta que esta pasarela vai dar continuidade ao paseo xa existente na actualidade; en efecto, esta realidade debería ter levado a deseñar a pasarela con materiais semellantes aos utilizados con anterioridade, utilizando madeira e non materiais cos que se pretende imitala. Por outra banda, a pasarela proxectada, vaise construír sobre o borde mariño utilizando para elo unha cimentación a base de pilotes fincados sobre o fondo do mar, o que pode provocar problemas ambientais durante as labores de instalación dos pilotes, tanto polo que fai ao movemento de materiais do sedimento que -sobre todo no caso das fraccións finas- poden causar problemas nas poboacións de moluscos existentes nas proximidades, como pola máis que posíbel existencia de rochas que -como se admite no proxecto- terán que romperse mecanicamente, o que supón unha clara incidencia no medio.

4ª.- PASEO PEONIL E CARRIL BICI. Tería unha lonxitude de arredor dos 1.250 m e 4,5 m de ancho e, como no caso da pasarela peonil, utilizaría materiais que o “asimilarían visualmente” ao

paseo xa existente. A pavimentación faríase mediante a instalación de elementos de formigón, con baldosas de cor “semellante á madeira” e con adoquíns e bordiños do mesmo material. Como ocorría no caso da pasarela, tamén neste caso debería ser en conta a necesidade de manter a uniformidade de materiais e aspecto cos xa existentes. Por outra banda, e se ben é certo que o carril-bici proxectado viría solventar o problema actual da falta dun espazo específico polo que as bicis poidan transitar sen dificultades nin perigos entre Pontevedra e Marín, non é menos certo que este carril -como ocorre tamén co paseo peonil- non chega ate a vila marinense e que no último tramo do paseo comparten espazo ciclistas e peóns, o que supón unha evidente eiva do proxecto presentado.

5ª.- De forma xeral, o proxecto adoece dunha eiva fundamental; tal e como xa adiantamos na anterior alegación, o proxecto non resulta completo ao non chegar máis alá de Os Praceres cando o obxectivo final é a conexión entre Pontevedra e Marín. E non podemos pasar por alto un feito que resulta innegábel. Este proxecto deixa en evidencia máis unha vez o absurdo de manter nesta zona un complexo como ENCE-ELNOSA que está a interferir de forma clara no desenvolvemento urbanístico de Pontevedra e Marín, e que leva á administración a realizar proxectos cos que se pretende solventar problemas que, de non ser por esta realidade, poderían ser resoltos sen necesidade de afectar como se fai neste caso sobre o medio natural.

6ª.- Resulta cando menos dubidoso o interese de facer unha inversión de 2.622.590,22 €, cifra na que está presupostado este proxecto, nunha infraestrutura que non deixa de ser un parche a unha situación que ten a súa orixe en nefastas actuacións anteriores e que -de abordarse os problemas de forma decidida e cunha visión de futuro para a nosa comarca- ten o seu futuro limitado ao ano 2018 no que finaliza a concesión de ENCE e ELNOSA no emprazamento que hoxe ocupan.

Por todo o exposto,

SOLICITA

Que, en base ás alegacións presentadas, non se acometa o proxecto que nos ocupa e que se enfrente dunha vez por todas a eliminación do verdadeiro problema na zona, que non é outro que o da presenza do complexo industrial de Lourizán, o que solventaría os problemas ambientais da comarca pero tamén os urbanísticos da zona comprendida entre Pontevedra e Marín, facendo posíbel solventar de forma axeitada os problemas que -de forma parcial e pouco precisa- pretende solventar este proxecto.

E para que conste, asina en Pontevedra a 19 de febreiro de 2017